

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 19 DE ABRIL DE 2023

SEÑORES/A ASISTENTES:

ALCALDE:

Don Rubén P. Quintá Quintá

CONCELLEIROS/A:

Don José Manuel Fernández Otero

Dona María D. Simón Valladares

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a dezanove de abril de dous mil vinte e tres, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don Rubén P. Quintá Quintá, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas quince minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión extraordinaria do día 14 de abril de 2023, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRAS

— Dolores Vence Hermida

Consta nas dependencias municipais a seguinte comunicación previa de execución de obras, presentada con data 9 de febreiro de 2023 (RE-E núm. 91), coas seguintes características:

DATOS DA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS	DOLORES VENCE HERMIDA
DNI	██████████
DOMICILIO	LUGAR DE PENERBOSA, PARROQUIA DE NEGRELOS

DATOS DA OBRA

OBXECTO	CONSERVACIÓN DE CUBERTA EN VIVENDA UNIFAMILIAR
LUGAR	PENERBOSA
PARROQUIA	NEGRELOS
CLASIFICACIÓN SOLO PXOM	SOLO DE NÚCLEO RURAL
REFª CATASTRAL INMOBLE	000900300NH82C0001RE
DOCUMENTACIÓN TÉCNICA	SI (Memoria valorada asinada polo arquitecto técnico Don Henrique Mella Otero, en data 27/02/23)
ORZAMENTO DE EXECUCIÓN	11.790,93 €
PRAZO DE EXECUCIÓN	SEIS (6) MESES
INFORME URBANÍSTICO	SI (Informe do arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias, de data 14/04/23)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Declarar a eficacia da comunicación previa presentada cos datos anteriormente consignados, de conformidade co establecido nos artigos 146.1 LSG e 361.1 RLSG.

Segundo.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso do solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

Terceiro.- Aprobar a liquidación do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras (ICIO) pola cantidade de DOUSCENTOS TRINTA E CINCO EUROS CON OITENTA E UN CÉNTIMOS (235,81 €).

Cuarto.- As obras deberán cumprir as condicións impostas pola autorización emitida pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades en Pontevedra mediante Resolución de data 06/02/23 (expediente núm. [REDACTED]).

Quinto.- Advírtese expresamente que a inexactitude, falsidade ou omisión, de carácter esencial, en calquera dato, manifestación ou documento que se achega ou incorpora á comunicación previa comporta, logo de

audiencia da persoa interesada, a declaración de ineficacia da comunicación efectuada e impide o exercicio do dereito ou da actividade afectada desde o momento que se coñece, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer por tales feitos.

Sexto.- A comunicación previa presentada implica a responsabilidade solidaria de quen promove as obras, de quen ten a propiedade do inmovible, ou os empresarios das obras, dos técnicos redactores do proxecto e directores das obras e da súa execución, respecto da conformidade das obras coa ordenación urbanística de aplicación e a súa adecuación á documentación presentada.

3.- MODIFICACIÓN DO ACORDO DE CONVOCATORIA PÚBLICA PARA A PROVISIÓN LABORAL TEMPORAL DE POSTOS DE TRABALLO DE AUXILIARES DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF)

Por acordo deste órgano, adoptado na sesión celebrada o día 14 de abril do corrente, aprobouse a convocatoria pública e as bases para a provisión temporal de dous postos de traballo de auxiliares do SAF. Con posterioridade ao dito acordo, foille notificado ao Concello o recoñecemento da situación de incapacidade permanente doutra das traballadoras do servizo, quen ocupaba como persoal laboral indefinido un dos postos de traballo desa categoría existentes no cadro de persoal do Concello. Ante dita circunstancia sobrevida e ao obxecto de evitar prexuízos a máis usuarios/as do SAF motivados pola eventual ausencia de persoal que preste os servizos dos que son beneficiarios/as, considérase convinte engadir un terceiro posto de traballo á convocatoria pública acordada, para a súa provisión conxunta cos outros dous postos de traballo inicialmente previstos.

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Engadir un novo posto de traballo de auxiliar do SAF, a tempo completo, á convocatoria pública efectuada por acordo deste órgano de data 14 de abril de 2023.

Segundo.- Aplicar integramente a dito novo posto de traballo convocado as bases aprobadas por este órgano na sesión referida.

3.- ACORDO DE GASTO

Consta nas dependencias municipais atestado instruído por la Garda Civil de Rodeiro (expediente [REDACTED]) que acredita os danos padecidos polo vehículo (cisterna agrícola), matrícula E4130BGV, propiedade da sociedade GANADERÍA CASA REY S.C., con CIF núm. [REDACTED], como consecuencia da existencia de pedras e gravas soltas na estrada municipal Lamazares-Camba. Por mor de dita circunstancia, o vehículo agrícola sufriu danos na cuberta dun pneumático. Ditos danos foron valorados, mediante a presentación da factura de reparación, nun importe de 536,40 €, IVE excluído.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade aprobar un gasto por importe de CINCOCENTOS TRINTA E SEIS EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (536,40 €) a favor da sociedade titular do vehículo, con cargo á partida 920/226 do orzamento en vigor.

4.- FACTURAS E PAGOS

Por unanimidade dos membros da Xunta de Goberno Local, apróbanse as seguintes facturas e pagos:

- ASPY PREVENCIÓN S.L.U. 2.388,16 €
Por contrato anual de prevención técnica e medicina do traballo, s/factura núm. 2023024689.
- QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES S.A.U. 82,06 €
Por prestación do servizo de teleasistencia domiciliaria a usuarios do Concello no mes de marzo de 2023, s/factura núm. 23ZNX0049553 (FACe).
- SOCISER GALICIA S.L.U. 4.227,17 €
Por prestación de servizos de axuda no fogar, modalidade de dependencia, no mes de marzo de 2023, s/factura núm. A54 (FACe).
- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE 276,97 €
Por achega anual ao Fondo, s/factura núm. R202371 (FACe).

- SOCIEDADE GALEGA DO MEDIO AMBIENTE S.A. 4.087,38 €
Por tratamento dos residuos sólidos do Concello no mes de marzo de 2023, s/factura núm. 2023/0445 (FACe).

- VIRULÉ RODEIRO S.L. 4.525,40 €
Por transporte de zavorra para obras municipais, s/factura núm. FAC27 (FACe).

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as once horas trinta minutos, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)